

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

7352 *Real decreto 309/2021, do 4 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción nas Forzas Armadas.*

A defensa é un servizo público que contribúe a manter a seguridade e os dereitos e liberdades dos españois, consagrados na Constitución. Neste contexto, as Forzas Armadas deben ser capaces e estar en disposición de afrontar unha adaptación e transformación constantes, baixo a dirección do Goberno e apoiadas pola cidadanía, en canto exemplo permanente de modernidade e innovación, cun escrupuloso respecto dos valores democráticos, así como cunha sólida formación, preparación técnica e calidade humana.

Ese compromiso coa sociedade demanda unha coidadosa selección das persoas aspirantes que, tras cursar o ensino de formación, se integran ou se adscriben a un determinado corpo, escala e especialidade, no marco dunhas Forzas Armadas altamente cualificadas. Para iso, débese articular unha política de persoal que non só cubra as necesidades cuantitativas dos exércitos, senón que tamén alcance a excelencia, baseada fundamentalmente na calidade da formación.

Por iso, o propósito deste real decreto é o de consolidar o modelo de selección dese persoal, mediante a mellora continua dos procesos co emprego de parámetros obxectivos, para cubrir as necesidades de persoal cualificado e con vocación de servizo, cunha aproximación integral para a busca do talento, a súa avaliación, selección e retención. E todo aplicando as novas tecnoloxías dixitais que posibiliten a converxencia das aplicacións existentes e o seu pleno acceso, conforme o impulso para a transformación dixital do Ministerio de Defensa.

Nese sentido, o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aborda dous aspectos de grande importancia da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, como son a adecuada selección de persoal, a súa promoción e o ensino de formación.

A experiencia acumulada desde entón aconsella abordar ambos os aspectos mediante un desenvolvemento normativo individual, actualizado e coordinado, coa elaboración de dúas novas normas de igual rango, conformando un novo marco normativo que lle proporcione ao Ministerio de Defensa as ferramentas necesarias para asegurar a mellor selección de persoal militar, a súa formación e promoción nas Forzas Armadas.

Para iso, no ámbito da formación aprobouse o Real decreto 1051/2020, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, co que quedan derogados os artigos do 20 ao 31, ambos os dous incluídos, do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010. Con este novo real decreto, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción nas Forzas Armadas, culmínase esa revisión normativa.

A correcta selección das mulleres e homes que integrarán os exércitos do futuro, tanto pola forma de ingreso directo como pola de promoción, é a base sobre a cal se asenta un dos piares fundamentais da Lei 39/2007, do 19 de novembro, que define o marco de referencia para o desenvolvemento normativo dos procesos de selección para o ingreso en cada corpo e escala de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. En particular, preténdese incentivar a integración das mulleres nas Forzas Armadas, garantindo a igualdade efectiva de oportunidades profesionais entre mulleres e homes e evitando calquera discriminación.

O presente regulamento establece os requisitos e os procedementos de ingreso nos centros docentes militares de formación para cursar os plans de estudos que permitan vincularse profesionalmente coas Forzas Armadas, xa sexa como militar de carreira, militar de tropa e mariñeiría ou militar de complemento, e para que persoal militar profesional poida, pola forma de promoción, cambiar de escala e, de ser o caso, de corpo.

É precisamente neste ámbito da promoción no que este real decreto incide especialmente, dado o elo fundamental que para a organización constitúe quen integra as escalas de suboficiais, e a dedicación de quen integra as escalas de tropa e mariñeiría, de cuxa profesionalidade depende en gran medida a eficacia das Forzas Armadas. Por iso, o Ministerio de Defensa adoptará as medidas necesarias para facilitar o acceso dese persoal ás titulacións requiridas para o ingreso nos centros docentes militares de formación de acceso ás escalas de oficiais.

Neste sentido, e de acordo coas previsións establecidas nos artigos 55 e 62 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, co obxecto de facilitar a promoción en igualdade de oportunidades para persoal da categoría de suboficial de todos os corpos e escalas, así como do artigo 66.3 da dita lei, establecerase un programa para a obtención de titulacións de grao universitario en colaboración coa Universidade Nacional de Educación a Distancia, institución que é a máis adecuada para desenvolver estas actividades ante a dispersión e a mobilidade xeográfica do persoal das Forzas Armadas.

No relativo á súa estrutura, no capítulo I recóllese o obxecto da disposición e establécese o seu ámbito de aplicación, e no capítulo II descríbense os procedementos de ingreso nos centros docentes militares de formación, entre os cales se inclúen os cambios que se deberán realizar no procedemento para establecer os requisitos de titulación, así como os cambios nos límites de idade, aspectos estes que os artigos 56 ao 61 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, encomendan á potestade regulamentaria.

Por outra banda, a dinámica do ordenamento educativo producida pola continua inscrición de novas titulacións universitarias oficiais no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos reflíctese no ordenamento específico necesario para determinar aquelas titulacións universitarias oficiais que se exixirán para o ingreso nas Forzas Armadas.

Ademais, o Sistema nacional de cualificacións e formación profesional, creado en aplicación da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ordena un sistema integral de formación profesional, un de cuxos fins esenciais é promover unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada a quen se destina, e propicia igualmente a constante aparición de novos títulos que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establece mediante as titulacións correspondentes, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas. En consecuencia, faise necesario, con carácter periódico, levar a cabo unha detallada revisión das titulacións necesarias para o ingreso nos corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas.

Este cambio ofrece, ao mesmo tempo, maior axilidade aos exércitos, á Armada e aos corpos comúns para decidir sobre as titulacións que mellor se adaptan en cada momento aos requirimentos particulares de cada quen, no desenvolvemento dos correspondentes plans de estudos que van cursar os aspirantes que acceden aos centros docentes militares de formación.

Outra das cuestións fundamentais reguladas polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, é a relativa aos requisitos específicos de idade para participar nos procesos de selección, co establecemento de diferentes idades para o acceso directo ou por promoción segundo corpos e escalas, con base nas necesidades de persoal das Forzas Armadas, para a consecución da misión que lle foi encomendada, e dos requisitos que deben reunir os seus efectivos para cumprir os labores asignados, de forma que a organización militar acade a maior eficacia posible cos recursos que ten dispoñibles.

Nese sentido, o Real decreto 556/2020, do 9 de xuño, modificou o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, ampliando os límites máximos de idade para favorecer a participación do persoal das escalas de suboficiais e de tropa e mariñeiría nas convocatorias de ingreso por promoción nos centros docentes militares de formación, nos

corpos xerais e de infantaría da Mariña, tanto para a escala de oficiais como de suboficiais, con e sen exigencia de titulación previa, e para o acceso á escala de suboficiais do corpo de músicas militares.

Con esta modificación deuse un novo impulso ao contido dos artigos 57 e 62 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, buscando aproveitar ao máximo a capacidade, competencia, adquirida pola experiencia, e o prestixio do noso persoal. E todo iso mantendo uns límites máximos de idade, por tratarse dos únicos corpos que teñen por función a preparación e o emprego da forza, tarefas en que a acción de mando acada a súa máxima e especial responsabilidade, para as cales é necesario adquirir ao longo dos anos a capacidade e a experiencia necesarias.

Esa medida está aliñada co Ditame da Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados, do 21 de febreiro de 2018, polo que se instaba o Goberno a regular a promoción profesional da forma que máis aproveite o talento dos máis preparados e incremente a satisfacción profesional de quen persegue progresar, así como co Ditame da dita Comisión de Defensa, do 27 de setembro de 2018, relativo ao réxime profesional do persoal militar de tropa e mariñeiría das Forzas Armadas, de flexibilizar as limitacións de idade para a promoción.

Para continuar nesa liña de acción, con este real decreto amplíase a revisión dos requisitos de idade a outros procesos selectivos. Nese sentido, suprímese a idade máxima para o ingreso, tanto por acceso directo como por promoción, con e sen titulación previa, á totalidade dos corpos comúns, así como aos corpos de intendencia e de enxeñeiros dos exércitos e da Armada.

En todo caso, a anulación dos límites de idade, aludida nos parágrafos anteriores, non debe ir en detrimento do nivel de exigencia física asociado ao perfil de egreso dos diferentes centros formativos, necesario para o desempeño das funcións propias dos primeiros empregos de cada escala.

Por outra banda, e nesa mesma liña de potenciar e favorecer a promoción, este real decreto incorpora a posibilidade de que o persoal da escala de suboficiais poida ingresar por promoción ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría da Mariña cando teña superados os créditos do Sistema europeo de transferencia de créditos (en diante, ECTS) dos títulos de grao que se determinen normativamente.

Ademais, e unha vez finalizado o período transitorio para estudantes que iniciasen estudos universitarios oficiais conforme ordenacións anteriores ao Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, harmonízanse as idades de ingreso con exigencia de titulación universitaria previa nos corpos xerais e de infantaría da Mariña, desvinculándoas dos créditos cursados nos respectivos plans de estudos.

Por último, conforme o establecido no artigo 3.1.a) da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, e na disposición adicional sexta da Lei 39/2007, do 19 de novembro, especifícanse os países, de entre aqueles que manteñen con España vínculos históricos, culturais e lingüísticos, cuxos nacionais poden acceder ás escalas de tropa ou de mariñeiría, e como militar de complemento do corpo militar de sanidade na especialidade fundamental de medicina.

Neste regulamento mantense invariable tanto a igualdade efectiva entre mulleres e homes como o desenvolvemento do artigo 6.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e os beneficios aos cales se poderán acoller as aspirantes seleccionadas para non ver limitadas as súas posibilidades de ingreso nos centros docentes militares de formación por razóns derivadas do seu estado de embarazo, parto ou posparto.

Este real decreto responde aos principios de boa regulación, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Desde o punto de vista dos principios de necesidade e eficacia, trátase dun instrumento necesario e adecuado para servir o interese xeral, a efectiva execución das políticas públicas do Goberno nas materias responsabilidade do Ministerio e reforzar a cooperación entre as administracións educativas.

De igual modo, a norma garante a seguridade xurídica, ao exercerse de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico nacional para xerar un marco normativo integrado e estable, e é conforme coas exixencias do principio de transparencia, xa que se definen claramente os obxectivos deste real decreto. Así, durante a súa tramitación permitiuse a participación activa dos potenciais destinatarios a través do trámite de consulta pública e de audiencia e información pública, de acordo co establecido nos artigos 26.2 e 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Ademais, foi sometido a informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento deste ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, foi sometido a informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Respecto ao principio de eficiencia, trátase dunha norma cuxas medidas son adecuadas e se axustan ás necesidades que exixen ditala, sen que caiba considerar que existan outras alternativas menos restritivas ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios; ademais, non xera novas cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que permite unha xestión eficiente dos recursos públicos.

Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, dado que as medidas recollidas nesta norma se axustan plenamente ao obxectivo que pretende conseguirse mediante este instrumento, ademais de, como se indicou no parágrafo anterior, non existiren outras opcións alternativas.

Este real decreto dítase conforme o previsto no artigo 149.1.4.^a da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de maio de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de ingreso e promoción nas Forzas Armadas.*

Apróbase o Regulamento de ingreso e promoción nas Forzas Armadas, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Garda Civil.*

A Garda Civil rexerese pola súa normativa específica, polo establecido na Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, e no Real decreto 131/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil.

Disposición adicional segunda. *Acceso á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental medicina, con créditos adquiridos.*

1. Cando se dispoña na convocatoria, poderase acceder tamén por ingreso directo ou por promoción, sen titulación universitaria previa, aos centros docentes militares de formación para o acceso á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental medicina, cando se teñan superados polo menos 120 créditos do Sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos (ECTS) do título de graduado en Medicina ou, de ser o caso, 160 créditos do título de licenciado en Medicina, nas condicións que determine a convocatoria.

2. No baremo que se aplicará na fase de concurso valoraranse os créditos superados.

Disposición adicional terceira. *Acceso ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría da Mariña con créditos adquiridos.*

1. Cando se dispoña na convocatoria, poderase acceder tamén por ingreso por promoción, sen titulación universitaria previa, aos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría da Mariña cando se teñan superados os ECTS que se establezan das titulacións do sistema educativo xeral que se determinen. Mediante regulación normativa estableceranse os currículos para completar os estudos conducentes á obtención das titulacións requiridas para o acceso a cada escala.

2. No baremo que se aplicará na fase concurso valoraranse os créditos superados.

Disposición adicional cuarta. *Programas formativos para as escalas de suboficiais.*

Iniciaranse as accións necesarias para lle facilitar ao persoal das escalas de suboficiais a obtención de titulacións de grao do sistema educativo xeral mediante un programa formativo desenvolvido en colaboración coa Universidade Nacional de Educación a Distancia, programa en que se maximizará, de acordo coa lexislación vixente en materia de recoñecemento de créditos no ámbito da educación superior, a validación de créditos con base nos títulos de grao superior de formación profesional cursados nas Forzas Armadas, os estudos do ensino de perfeccionamento susceptibles de recoñecemento e a experiencia profesional adquirida no desempeño das súas funcións profesionais. O dito programa, que garantirá a igualdade de oportunidades de todo o persoal das escalas de suboficiais, será aprobado mediante orde ministerial logo de acordo co Ministerio de Educación e Formación Profesional e co Ministerio de Universidades, de conformidade co previsto no artigo 66.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Disposición transitoria primeira. *Promoción interna dos militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.*

1. Aqueles que en 1 de xaneiro de 2008, data de entrada en vigor da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, tivesen a condición de militar de complemento, así como os que, encontrándose na data indicada realizando o período de formación correspondente, adquirisen a citada condición, poderán acceder, por promoción interna, ao ensino de formación para persoal das escalas de oficiais para a incorporación ás escalas do corpo a que estean adscritos, excepto os adscritos aos corpos de especialistas, que o farán aos corpos xerais dos seus respectivos exércitos, conforme os seguintes criterios:

a) Títulos: estar en posesión da titulación universitaria requirida para cada corpo conforme o indicado no artigo 16 do regulamento que se aproba.

b) Límites de idade: non ter nin acadar no ano en que se publique a correspondente convocatoria a idade máxima de corenta anos.

c) Os sistemas de selección e o resto de condicións para o acceso son as que se determinan no regulamento que se aproba.

2. Na provisión anual reservaranse prazas específicas para persoal militar de complemento que posúa as titulacións requiridas, para o ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso ás diferentes escalas de oficiais dos corpos comúns das Forzas Armadas e dos corpos de intendencia e enxeñeiros dos exércitos.

Disposición transitoria segunda. *Normativa aplicable aos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación.*

1. En canto non se desenvolvan as normas polas cales se deban rexer os procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para acceder á condición de militar de tropa e mariñeiría, serán de aplicación as resolucións da persoa titular da Subsecretaría de Defensa polas que se convocan probas selectivas para o

ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso de persoas nacionais e estranxeiras á condición de militar de tropa e mariñeiría, en todo o que non se opoñan ao que se determina nos capítulos I e II do regulamento que se aproba, excepto o establecido no artigo 5.6.

2. A Orde PCI/6/2019, do 11 de xaneiro, pola que se aproba o cadro médico de exclusións exixible para o ingreso nos centros docentes militares de formación, será de aplicación a todos os procesos de selección pola forma de ingreso directo e promoción, excepto nos correspondentes á adquisición da condición de reservista voluntario.

Disposición transitoria terceira. *Titulacións específicas para o acceso a cada escala e corpo.*

En canto non se desenvolva a orde ministerial citada no anexo I, que defina as titulacións universitarias e de técnico superior específicas que darán acceso a cada escala e corpo, será de aplicación a Orde DEF/1097/2012, do 24 de maio, pola que se determinan as titulacións requiridas para ingresar nos centros docentes militares de formación para o acceso ás diferentes escalas de oficiais e suboficiais das Forzas Armadas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.

2. Así mesmo, quedan derogadas as disposicións normativas de igual ou inferior rango no que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Defensa para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de maio de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ

REGULAMENTO DE INGRESO E PROMOCIÓN NAS FORZAS ARMADAS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste regulamento é establecer os requisitos e procedementos para ingresar nos centros docentes militares de formación para cursar as ensinanzas que permitan vincularse profesionalmente ás Forzas Armadas como militar de carreira, militar de tropa e mariñeiría ou militar de complemento, e para que persoal militar profesional poida cambiar de escala e, de ser o caso, de corpo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste regulamento será de aplicación ás persoas aspirantes que vaian participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas que lles permitan vincularse profesionalmente ás Forzas Armadas como militar de carreira, militar de tropa e mariñeiría ou militar de complemento ou, de estaren xa vinculadas, cambiar de corpo ou escala.

CAPÍTULO II

Procedemento de ingreso nos centros docentes militares de formación

Sección 1.ª Xeneralidades

Artigo 3. *Principios reitores na selección para o ingreso.*

1. O acceso e as ensinanzas de formación estarán presididos polo respecto aos valores constitucionais.
2. A selección para o ingreso farase de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, e conforme o disposto neste regulamento e no resto do ordenamento xurídico.
3. Nos procedementos de selección garantiranse, tamén, os seguintes principios:
 - a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
 - b) Transparencia.
 - c) Os órganos de selección serán autónomos funcionalmente e asegurarán a imparcialidade e a profesionalidade dos seus membros.
 - d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
 - e) Adecuación do contido dos procesos de selección aos requisitos académicos que se exixan para poder optar ao ingreso.
 - f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, utilizando, sempre que sexa posible, medios dixitais.
 - g) Igualdade de trato a mulleres e homes. As únicas diferenzas por razón de xénero poderán ser as que deriven das distintas condicións físicas que, de ser o caso, poidan considerarse no cadro de condicións exixibles para o ingreso.

Artigo 4. *Formas de ingreso.*

O ingreso nos centros docentes militares de formación producirase de conformidade con este regulamento, as súas normas de desenvolvemento e a correspondente convocatoria, dalgunha das seguintes formas:

- a) Directo: procedemento aberto baseado no principio de libre concorrancia.

b) Promoción interna: procedemento restrinxido a persoal militar profesional para posibilitarlle, dentro do seu mesmo corpo, o acceso a outra escala. Tamén se considera promoción interna a incorporación de persoal militar de complemento ao corpo e, de ser o caso, escala a que estean adscritos, ou a unha escala distinta dentro do mesmo corpo.

c) Promoción para cambio de corpo: procedemento restrinxido ao persoal militar profesional para posibilitarlle a integración ou adscrición a un corpo distinto ao de pertenza.

Artigo 5. *Sistemas de selección.*

1. Os sistemas de selección para ingresar nos centros docentes militares de formación serán os de concurso, oposición ou concurso-oposición libres.

2. O concurso consiste na comprobación e cualificación dos méritos das persoas aspirantes admitidas e no establecemento da súa orde de prelación; a oposición, na realización dunha ou máis probas para determinar a capacidade e a aptitude das persoas aspirantes admitidas e fixar a súa orde de prelación; o concurso-oposición, na sucesiva realización dos dous sistemas anteriores.

3. No concurso e concurso-oposición valorarase como mérito o tempo de servizo nas Forzas Armadas, entendendo como tal o transcorrido desde a adquisición da condición de militar profesional, así como o que se permaneza como reservista voluntario. Cando se empreguen estes sistemas para a forma de ingreso por promoción, valoraranse, ademais, a experiencia profesional e a formación acreditada, así como outros méritos profesionais e académicos de entre os que figuran no historial militar.

4. Nas convocatorias poderase fixar unha puntuación mínima, que se deberá acadar tanto no concurso como na puntuación final da oposición ou na do concurso-oposición.

5. Nas convocatorias poderase establecer, para os sistemas de oposición e de concurso-oposición, naquelas probas que se determinen, unha puntuación mínima que deberán superar as persoas opositoras ou, de ser o caso, precisar o número de persoas aspirantes que poden continuar o proceso de selección, cifra que se concretará aplicando un coeficiente multiplicador ao total de prazas convocadas.

6. A incidencia do concurso na puntuación final máxima que se poida obter por concurso-oposición non poderá ser superior ao 10 por cento no ingreso directo, nin ao 30 por cento no cambio de escala ou corpo. O indicado non será de aplicación nos procesos de selección seguintes, que se rexerán polo que se dispoña nas normas aplicables a cada un deles:

a) Ingreso nos centros de formación para incorporarse ás escalas de tropa e mariñeira.

b) Ingreso nas ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de oficiais e suboficiais dos corpos xerais e de infantaría da Mariña.

c) Ingreso nos centros de formación para incorporarse á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental medicina, cando non se exixa requisito de titulación universitaria previa.

Artigo 6. *Modelo de ingreso e promoción do militar profesional.*

1. Conforme o indicado no artigo 18 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, aprobarase anualmente a provisión de prazas de ingreso nos centros docentes militares de formación, na cal se concretarán cantas delas serán prazas de acceso aos corpos e escalas das Forzas Armadas unha vez finalizado o proceso de formación.

2. Militares de carreira das escalas de oficiais: poderán cambiar de corpo mediante as formas de ingreso directo e, nas condicións e naqueles corpos e escalas que estableza o correspondente real decreto de provisión de prazas, por promoción. Ademais, quen pertenza ás escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros e á escala de oficiais enfermeiros do corpo militar de sanidade, para acceder ás escalas de oficiais do seu mesmo corpo, poderao facer por promoción para cambio de escala, sempre e cando reúna os requisitos de titulación exixidos.

3. Persoal das escalas de suboficiais: poderá acceder ás ensinanzas de formación de oficiais polas formas de ingreso directo e promoción.

4. Persoal das escalas de tropa e mariñeiría: poderá acceder ás ensinanzas de formación de oficiais e de suboficiais polas formas de ingreso directo e promoción.

5. Persoal militar de complemento: poderá acceder ás ensinanzas de formación de oficiais polas formas de ingreso directo e promoción.

6. Na provisión anual de prazas de ingreso nos centros docentes militares de formación, poderase especificar a posibilidade de transferencia das non cubertas pola forma de ingreso directo ás de promoción para cambio de escala ou, de ser o caso, de corpo.

Artigo 7. *Ensinanzas e prazas nos centros universitarios da Defensa.*

1. Para os efectos indicados no artigo 43.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, as universidades públicas a que estean adscritos os centros universitarios da Defensa incluírán, na súa oferta de ensinanzas e prazas, como prazas adicionais, as aprobadas polo Consello de Ministros na provisión anual para cursar as ensinanzas universitarias que permitan a incorporación aos diferentes corpos, cando non se exixa para o ingreso titulación universitaria previa.

2. Ao total das prazas adicionais que se oferten para os centros universitarios da Defensa non se lle aplicarán as cotas de reserva establecidas na normativa que regule os procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias de grao para os estudantes que superasen a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, estudantes con discapacidade, deportistas de alto nivel e de alto rendemento, así como a estudantes con titulación universitaria ou equivalente.

Artigo 8. *Procesos de selección.*

1. O proceso de selección comezará coa publicación da correspondente convocatoria e concluírá na data de presentación nos centros docentes militares de formación do alumnado proposto polo órgano de selección.

2. As probas que se deberán superar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación serán adecuadas ao nivel e características das ensinanzas que se van cursar ou, de ser o caso, ao desempeño das funcións profesionais correspondentes. Ambos os aspectos condicionarán os requisitos de titulación, niveis de estudos ou académicos requiridos.

3. Nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación verificarase, mediante recoñecementos médicos e probas psicolóxicas e físicas, que as persoas aspirantes posúen a necesaria aptitude psicofísica. A persoa titular do Ministerio de Defensa determinará as probas físicas que se deberán superar para ingresar nos diferentes centros docentes militares de formación. Os declarados non aptos no recoñecemento médico ou nas probas físicas quedarán eliminados do proceso de selección.

4. As aptitudes físicas, nos procesos por promoción de cambio de escala ou de corpo, poderanse acreditar mediante as certificacións referidas ás probas periódicas establecidas para o persoal das Forzas Armadas, sempre e cando estas sexan válidas no momento e forma que determine a convocatoria correspondente.

A dita acreditación efectuarase soamente para aquelas probas que polas súas características sexan idénticas ás requiridas para a superación do proceso de selección.

5. Mediante a realización doutras probas específicas de coñecementos, que poden ser de lingua estranxeira, matemáticas, física ou outras materias, tamén se poderá comprobar que as persoas aspirantes reúnen as capacidades necesarias para superar os correspondentes plans de estudos. Do mesmo xeito, quedarán eliminadas aquelas persoas aspirantes que non superen algunha das probas da oposición cando así se indique na convocatoria correspondente.

6. Nos procesos de selección as probas ou exercicios poderanse realizar de forma individualizada ou colectiva e, neste último caso, en quenda única ou por quendas.

7. A persoa titular do Ministerio de Defensa aprobará as normas polas cales se deben rexer os procesos de selección para ingresar nos centros docentes militares de formación para acceder ás Forzas Armadas como persoal militar de carreira, militar de tropa e mariñeira ou militar de complemento, e de admisión, de ser o caso, nos centros que impartan ensinanzas do sistema educativo xeral. Nas ditas normas especificarase, polo menos, o sistema de selección, as probas ou exercicios que se deberán superar en cada un deles e a forma en que se cualifican e o baremo de méritos que se deberá aplicar, considerando as seguintes singularidades:

a) Para o ingreso directo sen exigencia de titulación universitaria previa nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría da Mariña, así como ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental medicina, e a correspondente admisión aos centros universitarios da Defensa, a adxudicación das prazas efectuarase segundo o disposto na normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

b) Nos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de oficiais e de suboficiais, valorarase o tempo de servizo nas Forzas Armadas.

Sección 2.^a Convocatorias

Artigo 9. Xeneralidades.

1. A persoa titular da Subsecretaría de Defensa convocará anualmente os procesos de selección de ingreso nos centros docentes militares de formación para acceder ás Forzas Armadas e cubrir as prazas aprobadas na provisión anual. De requirilo as necesidades de plan, poderanse realizar varias convocatorias durante o ano correspondente ata acadar o número de prazas establecido para acceder a un determinado corpo ou escala. A convocatoria para vincularse como persoal militar de tropa e mariñeira permitirá a realización dun proceso continuo de selección.

2. As convocatorias, que conterán as bases comúns ou referencia á disposición que as regula, e as específicas, deberanse axustar ás prescricións contidas neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento e rexerán o procedemento de selección para a asignación das prazas que se convoquen. Publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», salvo as que se refiran exclusivamente a procesos de promoción para militares profesionais, que serán publicadas unicamente neste último.

3. As convocatorias de ingreso directo nos centros docentes militares de formación do mesmo nivel poderanse efectuar de forma unitaria.

4. As bases das convocatorias vinculan a Administración, os órganos de selección que interveñan nas probas selectivas e quen participe nelas. Unha vez publicadas, soamente poderán ser modificadas polas causas e cos requisitos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 10. Orde de actuación.

Nas probas selectivas para acceder ás ensinanzas de formación, cando así se requira, a orde de actuación das persoas aspirantes será a que se determine seguindo o procedemento establecido no artigo 17 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado. De convocarse algún proceso

selectivo sen que tivese lugar o sorteo de letra para ese ano, utilizarase a correspondente ao ano anterior e manterase, para esa convocatoria, ata a finalización de todas as probas.

Artigo 11. *Bases comúns.*

A persoa titular da Subsecretaría de Defensa establecerá as bases comúns que rexerán os procesos de selección, que regularán, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Procedemento e prazo de presentación das solicitudes.
- b) Procedemento para a liquidación dos dereitos de exame, cando for necesario.
- c) Requisitos xerais que deben reunir as persoas aspirantes.
- d) Procedemento de elaboración, aprobación e publicación das listas das persoas aspirantes admitidas, excluídas e excluídas condicionais, así como a determinación do prazo de emenda de erros e defectos.
- e) Composición e funcionamento dos órganos de selección e dos órganos asesores e de apoio.
- f) Normas de desenvolvemento dos recoñecementos médicos e das probas físicas.
- g) Procedemento para a aprobación e publicación das listas coa relación das persoas aspirantes propostas para ingresar como alumnado nos centros docentes militares de formación.

Artigo 12. *Bases específicas.*

1. As bases específicas, que determinará a persoa titular da Subsecretaría de Defensa nos procesos de selección que convoque anualmente, conterán como mínimo o seguinte:

- a) O número e características das prazas convocadas e a distribución, de ser o caso, por especialidades ou requisitos profesionais ou de titulación.
- b) A posibilidade de acumulación e transferencia das prazas que queden sen cubrir, conforme o disposto na provisión anual de prazas.
- c) O modelo de solicitude, en que se indique, de tratarse dunha convocatoria unitaria, as prioridades, se as houber, así como o organismo a que debe dirixirse e a data límite de presentación.
- d) O sistema de selección.
- e) Os requisitos específicos exigibles ás persoas aspirantes e a data límite en que deben reunilos.
- f) As probas que se deban realizar, o seu contido, orde de realización, duración, así como a relación de méritos que, de ser o caso, deban considerarse e a súa baremación, ou referencia á normativa en que se estableza.
- g) A data de inicio das probas ou referencia á disposición onde se determinará e a orde de actuación das persoas aspirantes.
- h) A puntuación mínima que, de ser o caso, se deba acadar nos sistemas de concurso, oposición e concurso-oposición, así como en que proba ou probas da fase de oposición, se é que hai algunha, haberá que superar unha cualificación mínima, ou referencia á normativa en que se dispoña. Tamén se poderá establecer o número daqueles que poderán continuar realizando o proceso de selección, que se determinará aplicando un coeficiente multiplicador ao número de prazas convocadas.
- i) O sistema de cualificación ou referencia á normativa en que se fixa.
- j) Criterios para a adxudicación das prazas convocadas e criterios seguidos de reasignación e reposición para as renuncias, non presentación e baixas.
- k) A designación do tribunal cualificador ou órgano de selección encargado do desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, así como a designación da autoridade que debe aprobar e publicar as listas de persoas admitidas e excluídas ás probas e a relación de persoas aspirantes propostas para ingresar como alumnos nos centros docentes militares de formación.

- l) A data en que as persoas aspirantes propostas para o seu posible nomeamento como alumnas deben efectuar a súa presentación no centro docente militar de formación.
- m) Os dereitos de exame que deberán aboar as persoas aspirantes, se proceder.

2. O acceso a militar de tropa e mariñeiría efectuarase, con parámetros obxectivos de selección, nun proceso continuo, e reflectirase nas bases específicas o total dos efectivos para alcanzar e manter durante o ano, así como a forma de facer pública a oferta de prazas en sucesivos ciclos de selección, con indicación do procedemento para solicitar a participación nas correspondentes probas selectivas destes ciclos.

Sección 3.^a Órganos de selección

Artigo 13. *Criterios xerais.*

1. Os órganos de selección serán colexiados e estarán constituídos por un número impar de persoas, con nivel de titulación igual ou superior á exigida para o ingreso na escala de que se trate. Serán designados libremente de acordo co previsto na súa norma de creación, e adecuaranse, no posible, á aplicación equilibrada do criterio de xénero. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ninguén.

2. O persoal militar que manteña unha relación de servizos profesionais mediante compromisos de carácter temporal non poderá formar parte dos órganos de selección. Tampouco poderán formar parte o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

3. As persoas que formen parte dos órganos de selección absteranse de intervir no procedemento selectivo se nelas concorren circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do cal informarán a autoridade que as designou. As persoas aspirantes poderán recusalas de acordo co indicado no artigo 24 do citado texto legal. Quen desenvolva actividades de preparación de aspirantes non poderá formar parte dos órganos de selección para o acceso á mesma escala respecto á que realizan a preparación, en canto practiquen a dita actividade e durante os cinco anos posteriores á súa finalización.

4. Os órganos de selección non poderán propor o ingreso nos centros docentes militares de formación dun número de persoas superior ao de prazas convocadas.

5. Os órganos de selección reasignarán o proceso de selección cando, antes da data de presentación no centro docente militar de formación:

- a) Se produzan renuncias.
- b) Se comprobe que algunha das persoas aspirantes propostas como alumnas non reúne ou perdeu algún dos requisitos xerais ou específicos exigidos na convocatoria.

Para o recollido nos casos a) e b) levarase a cabo a reasignación de prazas tendo en conta as preferencias expresadas por todas as persoas aspirantes, incluíndo aquelas xa incluídas na proposta de asignación.

6. O órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria de persoas aspirantes que sigan as propostas para o seu posible nomeamento como alumnas, nos termos e prazos que estableza a convocatoria, cando as baixas ocorran despois da data de ingreso no centro docente militar de formación. Neste caso, levarase a cabo a reposición de prazas de acordo coa lista complementaria.

Acadada a data de ingreso nos centros docentes militares de formación que proceda, segundo o establecido nos parágrafos anteriores, extinguese para as persoas aspirantes calquera outro dereito derivado do proceso selectivo.

7. As resolucións e actos dos órganos de selección poderán ser impugnados e revisados de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

*Sección 4.ª Requisitos que deben reunir as persoas aspirantes*Artigo 14. *Principio xeral.*

Para participar nos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación, para incorporarse ou adscribirse ás diferentes escalas das Forzas Armadas, deberán reunirse, e manterse ata a súa conclusión, os requisitos xerais e específicos que, para cada forma de ingreso e ensinanzas que se vaian cursar, se determinan nesta sección.

Quen non reúna ou perda algún dos aludidos requisitos será excluído do proceso de selección e serán anuladas todas as súas actuacións, e perderá os dereitos ou expectativas derivados da súa condición de aspirante ou do feito de superar o proceso de selección.

Artigo 15. *Requisitos xerais das persoas aspirantes.*

1. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación, a persoa aspirante deberá reunir os requisitos xerais seguintes:

- a) Posuír a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no número 2 deste artigo.
- b) Non estar privada dos dereitos civís.
- c) Carecer de antecedentes penais.
- d) Non acharse procesada, imputada, investigada ou encausada nalgún procedemento xudicial por delito doloso.
- e) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse inhabilitada con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.
- f) Ter feitos ou facer no ano da convocatoria os 18 anos de idade e non superar os límites de idade que para cada caso se establecen neste regulamento, aínda que a súa incorporación ou adscrición a unha escala quedarán supeditadas a ter feitos os 18 anos de idade. No caso das convocatorias para o acceso ás escalas de tropa e mariñeiría, as persoas opositoras deben facer os 18 anos con anterioridade ao ingreso nos centros de formación de tropa e mariñeiría.
- g) Estar en posesión dos niveis de estudos ou da titulación exixida que se determina neste regulamento para acceder a cada tipo de ensinanza de formación, na forma e prazos que estableza a convocatoria correspondente.
- h) Non causar baixa nun centro docente militar de formación polas razóns establecidas no artigo 71.2, parágrafos c) e d), da Lei 39/2007, do 19 de novembro.
- i) Non terse resolto o seu compromiso como consecuencia dun expediente de insuficiencia de facultades profesionais ou de condicións psicofísicas.
- j) Para as formas de ingreso directo, carecer de insercións ou tatuaxes que poidan ser contrarias aos valores constitucionais ou atentar contra a imaxe das Forzas Armadas.
- k) Na modalidade de ingreso directo, non se poderán presentar ao proceso de selección para unha determinada escala aquelas persoas que formen parte do alumnado do ensino militar de formación desa mesma escala, por seren seleccionadas nun proceso anterior.

2. As persoas aspirantes que non teñan a nacionalidade española, pero sexan nacionais dos países que a convocatoria determine de entre os que figuran no anexo II, poderán participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas para vincularse profesionalmente ás Forzas Armadas como militar de tropa e mariñeiría ou militar de complemento do corpo militar de sanidade na especialidade fundamental de medicina.

Nestes casos, a cota de prazas será a que se fixe na provisión anual e acreditaranse, ademais do indicado no punto anterior, os requisitos seguintes:

a) Atoparse en situación de residencia temporal ou de longa duración en España. Tamén poderá participar nos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para adquirir a condición de militar de complemento do corpo militar de sanidade, na especialidade fundamental de medicina, quen se atope con autorización de estadía por estudos.

b) Ter a maioría de idade conforme o disposto na súa lei nacional.

c) Carecer de antecedentes penais nos seus países anteriores de residencia por delitos existentes no ordenamento xurídico español.

d) Non figurar como rexeitable no espazo territorial de países con que España asinase un convenio en tal sentido.

O disposto neste punto aplicarase ás persoas estranxeiras dos países que figuran no anexo II, sempre que conforme a lexislación do seu país de orixe ou o previsto en convenios internacionais non perdan a súa nacionalidade ao entrar ao servizo das Forzas Armadas españolas, nin teñan prohibición de alistamento militar nestas.

3. Quen cause baixa nun centro docente militar de formación por non superar dentro dos prazos establecidos as probas previstas nos plans de estudos tampouco poderá concorrer ás prazas que nos procesos de selección se convoquen para o mesmo corpo e escala ou, de ser o caso, especialidade fundamental, as que cursaba cando causou a baixa.

4. Ademais dos requisitos xerais establecidos nos números 1 e 3, nos procesos de promoción do persoal militar profesional deberanse cumprir os seguintes:

a) Non superar o número máximo de tres convocatorias ordinarias e dúas extraordinarias. As convocatorias extraordinarias deberán cualificarse expresamente como tales na solicitude de admisión no proceso correspondente. Unha convocatoria enténdese consumida cando a persoa aspirante fose incluída na lista de persoas admitidas nas probas. Con todo, se a incomparecencia obedece, por mor de forza maior debidamente xustificada, a motivos de embarazo, parto ou posparto, ou ben a que o militar estea participando nunha misión fóra do territorio nacional, resolverase, logo de solicitude e xustificación documental do interesado efectuada antes do inicio da primeira proba e non lle computará a convocatoria como consumida.

b) Atoparse na situación de servizo activo ou na de excedencia por razón de violencia de xénero.

c) Non ter anotadas con carácter firme na súa documentación militar persoal sancións disciplinarias por faltas graves ou faltas moi graves.

d) Cumprir os seguintes tempos de servizo na súa escala na data de incorporación ao centro docente militar de formación correspondente:

1.º Militares de carreira:

i. Escala de oficiais: catro anos.

ii. Escala técnica e escala de oficiais enfermeiros: dous anos.

iii. Suboficiais: un ano.

2.º Tropa e mariñeiría: un ano.

3.º Militares de complemento: dous anos (catro anos para os militares de complemento ingresados de acordo coa Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas).

e) Persoal militar que teña establecida a súa relación de servizos profesionais mediante un compromiso de carácter temporal: deberá telo en vigor na data de incorporación ao centro docente militar de formación.

5. Nas convocatorias poderá exixirse o cumprimento doutros requisitos, que deberán establecerse de maneira abstracta e xeral e gardarán unha relación obxectiva e proporcionada coas características e misións esenciais das Forzas Armadas.

Artigo 16. *Requisitos específicos de titulación.*

1. Escala de oficiais.

a) Incorporación ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría da Mariña. Exixiranse os títulos ou niveis de estudos que, para cada caso, se especifican a continuación:

1.º Ingreso directo:

i. Sen titulación universitaria previa: as persoas aspirantes deberán superar a proba de acceso á universidade establecida no artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificado mediante a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, conforme o establecido na disposición transitoria segunda desta última norma, e de acordo co calendario de implantación establecido na súa disposición derradeira quinta.

ii. Con titulación universitaria previa: as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establezan na convocatoria correspondente, de entre as que figuran no anexo I deste regulamento.

2.º Ingreso por promoción:

i. Sen titulación universitaria previa: as persoas aspirantes deberán superar a proba de acceso á universidade establecida no artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Tamén se poderá participar coa proba específica prevista no artigo 69.6 da antedita lei, así como cos títulos de técnico superior, que se determinan no artigo 3.1.e) do Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procesos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

ii. Con titulación universitaria previa: as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establezan na convocatoria correspondente, de entre as que figuran no anexo I deste regulamento.

b) Incorporación ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e aos corpos comúns das Forzas Armadas, excepto ao corpo de músicas militares: exixiranse as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establezan na convocatoria correspondente, conforme o que respecto diso se detalla no anexo I deste regulamento. Nos procesos de selección para o ingreso sen exigencia de titulación universitaria para a incorporación á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, exixiranse os mesmos requisitos de titulación que figuran nos puntos anteriores a).1.º i para o ingreso directo, e a).2.º i para o ingreso por promoción.

c) Incorporación á escala de oficiais do corpo de músicas militares: exixiranse os títulos superiores de música que se establezan na convocatoria correspondente, conforme o que respecto diso se detalla no anexo I deste regulamento.

d) Adscrición como militar de complemento: exixiranse as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establezan na convocatoria correspondente de entre as que figuran no anexo I, conforme as necesidades específicas que se establezan en función da escala e corpo de adscrición.

2. Cando no punto anterior non se exixa titulación previa, as persoas aspirantes procedentes de sistemas educativos estranxeiros deberán acreditar o que para cada caso establece o Real decreto 412/2014, do 6 de xuño.

Cando se exixa titulación universitaria previa, as persoas aspirantes que a obtivesen en universidades estranxeiras deberán estar en posesión da correspondente credencial de

homologación ao título universitario español que para acceder a cada corpo se requira, que será obtida conforme o disposto no Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado.

3. Escala de suboficiais.

a) Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de suboficiais exixíranse os títulos ou niveis de estudos que, para cada caso, se especifican a continuación:

1.º Sen titulación previa de técnico superior: para integrarse nos corpos xerais e de infantaría da Mariña, estar en posesión de calquera dos requisitos que para o acceso aos ciclos formativos de grao superior se determinan no artigo 41.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou no artigo 18 e disposición adicional terceira do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

2.º Con titulación previa de técnico superior: para integrarse nos corpos mencionados no parágrafo a), os títulos de técnico superior de formación profesional que estableza a convocatoria correspondente, conforme o que respecto diso se detalla no anexo I deste regulamento.

3.º Con titulación previa: para integrarse no corpo de músicas militares, os títulos e as ensinanzas de música que estableza a convocatoria, conforme o que respecto diso se detalla no anexo I deste regulamento.

4. Escala de tropa e mariñeiría. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de tropa e mariñeiría exixírase o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Artigo 17. *Requisitos específicos de idade.*

Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación que a continuación se indican, non se deberán ter nin acadar no ano en que se publique a correspondente convocatoria as seguintes idades máximas:

1. Escala de oficiais.

a) Para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría da Mariña:

1.º Ingreso directo:

- i. Sen exixencia de titulación universitaria previa: 21 anos.
- ii. Con exixencia de titulación universitaria previa: 27 anos.

2.º Ingreso por promoción:

i. Sen exixencia de titulación universitaria previa: 34 anos, excepto para a especialidade fundamental de voo do corpo xeral do Exército do Aire, que se establece en 24 anos.

ii. Con exixencia de titulación universitaria previa, que pertencen a unha das ramas de coñecemento que figuran no anexo I: 38 anos.

b) Para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e dos corpos comúns das Forzas Armadas, por ingreso directo ou por promoción: sen límite de idade.

c) Para adscribirse como militar de complemento ás diferentes escalas de oficiais: 30 anos, excepto para a especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade, que se establece en 33 anos ou 37 no suposto de requirirse estar en posesión dun título de médico especialista.

2. Escala de suboficiais.

a) Para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de infantaría da Mariña:

1.º Ingreso directo:

- i. Sen exigencia dun título de técnico superior: 21 anos.
- ii. Con exigencia dun título de técnico superior: 26 anos.

2.º Ingreso por promoción:

- i. Sen exigencia dun título de técnico superior: 34 anos, excepto para a especialidade fundamental de aviación do Exército de Terra, que será de 24 anos.
- ii. Con exigencia dun título de técnico superior: 36 anos, excepto para a especialidade fundamental de aviación do Exército de Terra, que será de 27 anos.

b) Para incorporarse á escala de suboficiais do corpo de músicas militares por ingreso directo ou por promoción: sen límite de idade.

3. Escala de tropa e mariñeiría. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para o acceso ás escalas de tropa e mariñeiría, a idade máxima para incorporarse ao centro docente militar de formación será a establecida na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

Sección 5.ª Protección da maternidade

Artigo 18. *Desenvolvemento das probas en caso de embarazo, parto ou posparto.*

1. Co fin de asegurar a debida protección das aspirantes seleccionadas que se atopen en situación de embarazo, parto ou posparto, nos procesos de selección actuarase conforme as seguintes normas:

a) A situación de embarazo, parto ou posparto deberase acreditar documentalmente mediante a oportuna certificación. A Sanidade Militar indicará se a limitación da aspirante acada a totalidade ou só parte das probas que deberá realizar no correspondente proceso de selección.

b) En caso de necesario aprazamento na realización dalgunha das probas, a praza afectada quedará condicionada á superación por parte da aspirante da totalidade daquelas previstas na convocatoria a que pertence a praza afectada.

c) A aspirante efectuará, de ser o caso, as probas para as cales se lle apreciase plena capacidade e optará, respecto das aprazadas, entre a súa realización nas datas que para estes únicos efectos se concreten na mesma convocatoria, e sempre con anterioridade á de incorporación ao respectivo centro docente militar de formación dos propostos como aspirantes a ser designados alumnos, ou naqueloutra que se estableza na convocatoria inmediatamente seguinte e que corresponda a unha provisión anual de prazas diferente.

d) Se, chegada a data sinalada para o efecto na convocatoria seguinte, a aspirante non puidese completar as probas selectivas por atoparse nunha nova situación de embarazo, parto ou posparto, disporá, por última vez, da opción descrita no parágrafo anterior. Se neste último suposto non realizase e superase, calquera que sexa a causa, as probas selectivas pendentes, perderá todo dereito e expectativa á praza condicionada.

e) De optar a aspirante pola realización en convocatoria diferente á inicial da proba ou probas aprazadas, non lle serán de aplicación os requisitos específicos de idade, aínda que deberá manter durante todo o proceso de selección, ata a data de incorporación ao centro docente militar de formación, as restantes condicións xerais establecidas na convocatoria inicial.

f) Se a aspirante, en calquera das oportunidades indicadas, supera integramente o proceso selectivo, o órgano de selección incluíraa na relación dos propostos como aspirantes seleccionados para ser designados alumnos, con expresa indicación da convocatoria inicial a que pertence a praza definitivamente asignada.

2. Se por motivos derivados da súa situación de embarazo, parto ou posparto, a proposta como aspirante seleccionada para ser designada alumna non puider efectuar a súa presentación no centro docente militar de formación que corresponda, terá dereito a pospor a súa data de presentación, ou á reserva de praza, por unha soa vez, para iniciar o ensino de formación na primeira oportunidade que se produza unha vez que cese a causa que o impediou. Os motivos deberanse acreditar ante o órgano que estableza a convocatoria, con antelación á data de incorporación ao centro correspondente.

3. Nas convocatorias dos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para acceder ás Forzas Armadas, dispórase dunha epígrafe específica co título «Protección da maternidade», onde se indicarán, expresamente, os criterios xerais e específicos de actuación aplicables, axustados ao disposto neste regulamento.

Sección 6.^a Nomeamento do alumnado

Artigo 19. Nomeamento do alumnado.

Ao facer a súa presentación, aquelas persoas que ingresen nos centros docentes militares de formación asinarán o documento de incorporación ás Forzas Armadas segundo o modelo aprobado pola persoa titular do Ministerio de Defensa, salvo aquelas que xa pertencen a elas, e serán nomeadas alumnas pola persoa titular da dirección ou xefatura do centro docente militar de formación. A partir dese momento terán condición militar, sen quedaren vinculadas por unha relación de servizos profesionais, e estarán suxeitas ao réxime de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares. Con posterioridade, as persoas titulares das direccións de ensino respectivas ratificarán o dito nomeamento e publicaranos no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

ANEXO I

Ramas de coñecemento e familias profesionais do sistema educativo xeral coas cales se pode ingresar nos centros docentes militares de formación para cursar as ensinanzas para integrarse ou adscribirse aos corpos e escalas das Forzas Armada

1. Escalas de oficiais

a) Corpos específicos dos exércitos.

1.º Corpos xerais e de infantaría da Mariña: titulacións universitarias oficiais inscritas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) na rama de Enxeñaría e Arquitectura, así como as inscritas na rama de Ciencias e na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas. Para o acceso a militar de complemento, ademais das anteriores, aquelas relacionadas coas Ciencias da Actividade Física e do Deporte e do estudo de idiomas de interese nas Forzas Armadas.

2.º Corpos de intendencia: titulacións universitarias oficiais inscritas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas.

3.º Corpos de enxeñeiros: titulacións universitarias oficiais inscritas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

b) Corpos comúns das Forzas Armadas.

1.º Corpo xurídico militar: titulacións universitarias oficiais inscritas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas.

2.º Corpo militar de intervención: titulacións universitarias oficiais inscritas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas.

3.º Corpo militar de sanidade: titulacións universitarias oficiais inscritas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) da rama de Ciencias da Saúde.

4.º Corpo de músicas militares: titulacións das ensinanzas artísticas superiores vinculadas coa música.

Dentro de cada unha das ramas especificadas nos puntos anteriores, por medio dunha orde ministerial serán definidas as titulacións específicas que darán acceso a cada escala e corpo.

2. Escalas de suboficiais

a) Corpos xerais e de infantaría da Mariña: exixírase, dependendo da especialidade fundamental, estar en posesión dalgunha das titulacións oficiais de técnico superior reflectidas nas familias profesionais recoñecidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

As familias profesionais especificadas polos exércitos e especialidade fundamental son as seguintes:

1.º Exército de Terra

Especialidade fundamental	Familia profesional
Infantaría. Infantaría lixeira. infantaría acoirazada/mecanizada. Cabalaría. Aviación do ET	Seguridade e Ambiente. Administración e Xestión. Electricidade e Electrónica. Transporte e Mantemento de Vehículos. Instalación e Mantemento. Edificación e Obra Civil. Informática e Comunicaciós. Actividades Físicas e Deportivas.
Artillaría. Artillaría de campaña. Artillaría antiaérea.	Instalación e Mantemento. Seguridade e Ambiente. Informática e Comunicaciós. Electricidade e Electrónica. Transporte e Mantemento de Vehículos. Edificación e Obra Civil.
Enxeñeiros.	Edificación e Obra Civil. Seguridade e Ambiente.
Transmisiós.	Electricidade e Electrónica. Seguridade e Ambiente.
Electrónica e telecomunicaciós.	Electricidade e Electrónica.
Mantemento e montaxe de equipamentos.	Instalación e Mantemento.
Informática.	Informática e Comunicaciós.

Especialidade fundamental	Familia profesional
Automoción.	Transporte e Mantemento de Vehículos.
Mantemento de aeronaves.	Transporte e Mantemento de Vehículos.
Mantemento de armamento e material.	Instalación e Mantemento.

2.º Armada

Especialidade fundamental	Familia profesional
Administración.	Administración e Xestión.
Aloxamento e restauración.	Hostalaría e Turismo.
Armas.	Electricidade e Electrónica. Instalación e Mantemento.
Comunicacións e sistemas de información.	Electricidade e Electrónica. Informática e Comunicacións.
Energía e propulsión.	Marítimo-Pesqueira. Transporte e Mantemento de Vehículos. Instalación e Mantemento. Electricidade e Electrónica.
Manobra e navegación.	Marítimo-Pesqueira.
Sistemas.	Electricidade e Electrónica. Instalación e Mantemento.
Infantería da Mariña	Marítimo-Pesqueira. Industrias Alimentarias. Química. Sanidade. Seguridade e Ambiente. Fabricación Mecánica. Electricidade e Electrónica. Instalación e Mantemento. Mantemento e Servizos á Producción. Transporte e Mantemento de Vehículos. Mantemento de Vehículos Autopropulsados. Edificación e Obra Civil. Téxtil, Confección e Pel. Artes Gráficas. Imaxe e Son. Comunicación, Imaxe e Son. Informática e Comunicacións. Informática. Administración e Xestión. Administración. Comercio e Márketing. Hostalaría e Turismo. Actividades Físicas e Deportivas.

3.º Exército do Aire

Especialidade fundamental	Familia profesional
Protección da forza e apoio ás operacións.	Electricidade e Electrónica. Informática e Comunicacións.
Mantemento aeronáutico	Transporte e Mantemento de Vehículos.

Especialidade fundamental	Familia profesional
Sistemas de información, comunicacións e ciberdefensa.	Electricidade e Electrónica. Informática e Comunicacións.
Mantemento de electrónica.	Transporte e Mantemento de Vehículos.
Control aéreo.	Electricidade e Electrónica. Informática e Comunicacións.
Administración.	Administración e Xestión.

b) Corpo de músicas militares: exixirase estar en posesión do título de bacharel en calquera das súas modalidades ou cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos da formación profesional de grao superior a que fai referencia o artigo 41.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e en ambos os casos, o título de ensinanza profesional de música e danza vinculadas coa música. As especialidades instrumentais requiridas serán as que de forma expresa figuren na correspondente convocatoria.

Dentro de cada unha das familias especificadas nos puntos anteriores, por medio dunha orde ministerial serán definidas as titulacións de técnico superior específicas que darán acceso a cada escala e corpo.

ANEXO II

Países cuxos nacionais poden acceder ás Forzas Armadas españolas

- a) Arxentina.
- b) Bolivia.
- c) Costa Rica.
- d) Colombia.
- e) Chile.
- f) Ecuador.
- g) O Salvador.
- h) Guinea Ecuatorial.
- i) Guatemala.
- j) Honduras.
- k) México.
- l) Nicaragua.
- m) Panamá.
- n) Paraguai.
- o) Perú.
- p) República Dominicana.
- q) Uruguai.
- r) Venezuela.